



## TERESA HERRERA DE TRAIÑAS - 2021

### XXXV TROFEO - 13ª BANDEIRA DE TRAIÑAS MASCULINA

### V TROFEO - 2ª BANDEIRA DE TRAIÑAS FEMININA

Data: 28 e 29 de agosto de 2021.

A Celebrar en: Enseada da Praia do Orzán.- (A Coruña)

#### ORGANIZACIÓN.-

- Excmo. Concello de A Coruña
- Federación Galega de Remo

#### PATROCINA.-

- Excmo. Concello de A Coruña

## N O R M A T I V A

REGATA CLASIFICATORIA.- SÁBADO, día 28 de agosto, ás 17,30 horas.

REGATA CLASIFICATORIA (CONTRA-RELOXO).- Na Reunión de Delegados entregárase o plano do percorrido.

Esta REGATA CLASIFICATORIA, disputarase o sábado a partir das 17,15 horas, para o cal se farán dúas QUENDAS, cuxa composición confeccionarase tendo en conta as inscricións dos clubs que se inscriban e tendo en conta tanto a clasificación do Campionato Galego como a clasificación das diferentes ligas e a criterio da Dirección Técnica da Organización e da proposta da Federación Galega de Remo.

Clasificarán para a Regata Final do domingo, os 10 mellores tempos de ámbalas dúas quendas masculinas e os 5 mellores tempos das femininas.

SERÁ DE APLICACIÓN O REGULAMENTO DE BANCO FIXO DA FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE REMO.

CONTROL TÉCNICO.- ESTA REGATA ESTARÁ BAIXO CONTROL EXCLUSIVO DA FEDERACIÓN GALEGA DE REMO E O SEU COMITÉ DE XUÍCES-ÁRBITROS.

REUNIÓN DE DELEGADOS.- Terá lugar ás 16,00 horas no Palacio dos Deportes de Riaza (A Coruña).

#### HORARIOS DA REGATA:

##### SÁBADO, día 28 de agosto

- Ás 16,00 horas REUNIÓN DE DELEGADOS no PAVILLÓN DE DEPORTES DE RIAZOR.
- Ás 16,00 horas RECOÑECIMENTO DO CAMPO DE REGATAS e a súa Verificación.
- Entre as 16,00-16,30 horas PESAXE DE PATRÓN
- Ás 17,30 horas REGATA DE PLAY-OFF (CONTRARRELOXO)
- Ás 18,00 REGATA CLASIFICATORIA CONTRARRELOXO DE MULLERES.



- Ás 18,30 horas PRIMEIRA QUENDA MASCULINA DA REGATA CLASIFICATORIA DO TERESA HERRERA (CONTRARRELOXO), tripulacións da Liga B.
- Ás 19,00 horas SEGUNDA QUENDA MASCULINA DA REGATA CLASIFICATORIA DO TERESA HERRERA (CONTRARRELOXO), tripulacións da Liga A.

**DOMINGO, día 29 de agosto**

- Entre as 9,30-10,00 horas PESAXE DE PATRÓNS
- Ás 10,00 horas. Revisión do Campo de Regatas.
- Ás 10,45 horas. Adxudicación de balizas no Palco (sistema FISA).
- Ás 11,00 horas. Regata Play-Off da LGT.
- Ás 11,30 horas. OFRENDA ÓS HOMES DO MAR.
- Ás 11,45 horas. Comeza a V TROFEO - 2ª BANDEIRA TERESA HERRERA DE MULLERES (FINAL).
- Ás 12,15 horas. Comeza a primeira quenda e a continuación a segunda da Final do XXXV TROFEO - 13ª BANDEIRA DE TRAIÑAS "TERESA HERRERA" 2021.
- O HORARIO confirmarase na reunión de Delegados.

**CLUBS PARTICIPANTES.-** Poderán participar tódolos Clubs pertencentes á FEDERACIÓN GALEGA DE REMO que o soliciten. Asimesmo, a ORGANIZACIÓN resérvase o dereito de invitar a calquera outra tripulación que considere oportuno. Só poderá participar unha tripulación por club con tódolos seus tripulantes con licenza en vigor.

**INSCRICIÓNS.-** Os clubs que desexen participar nesta regata, deberán remitir as follas de inscrición antes das 12,00 do próximo día 24 de agosto (MARTES) á FEDERACIÓN GALEGA DE REMO, remitindo ó FAX: **981/26.48.33** ou ó correo electrónico **secretaria.fegar@gmail.com** para o seu coñecemento e confirmación da súa asistencia.

**CLASIFICACIÓN XERAL.-** A Regata do domingo (FINAL), será a clásica de 3 millas con 4 largos e 3 ciabogas sobre babor, tendo que estar as tripulacións da primeira quenda 5 minutos antes da hora de inicio, e a segunda quenda deberá estar preparada tras as balizas antes de que entre a última embarcación da quenda precedente.

**REGATAS CLASIFICATORIAS.-** Disputaranse o sábado a partir das 17,15 horas e segundo a súa CLASIFICACIÓN se formarán as quendas para a Regata Final do domingo.

**REGATA FINAL, domingo, día 29 de agosto de 2021**

- **REGATA FINAL FEMININA.-** Formada polos cinco mellores tempos da clasificatoria.
- **PRIMEIRA QUENDA MASCULINA.-** Formada polos tempos do 6º ó 10º.
- **SEGUNDA QUENDA MASCULINA.-** Formada polos cinco mellores tempos das quendas clasificatorias.



NESTA EDICIÓN DO XXXV TROFEO "TERESA HERRERA" DE TRAIÑAS, disputarase a BANDEIRA entre as 10 tripulacións participantes na Regata CLASIFICATORIA DO SÁBADO QUE CONSIGAN CLASIFICARSE PARA A REGATA FINAL do domingo. Unha vez realizada a composición das quendas en función dos tempos da Regata Clasificatoria "CONTRA-RELOXO", procederase ó sorteo das balizas de cada unha das quendas, que no caso deste TROFEO "TERESA HERRERA" o COMITÉ ORGANIZADOR pode estimar que se aplique o sistema FISA, é dicir, os mellores tempos de cada unha das quendas irán polas balizas centrais, coa finalidade de facer as regatas máis atractivas e competitivas.

No caso de non poder celebrar a REGATA FINAL, por calquera causa climatolóxica ou de forza maior, terase como CLASIFICACIÓN XERAL, os resultados da regata clasificatoria CONTRA-RELOXO.

### CONDICIÓN S TÉCNICAS.-

Tódolos remeiros participantes, así como Patróns, Delegados e Adestradores, deberán estar en posesión da licenza deportiva federativa, dentro do deporte do remo, correspondente á Tempada 2021 na que se celebra a proba, xa que nesta vai incluída a súa afiliación ó Seguro Obrigatorio Deportivo.

### SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL.-

Cada Club participante, deberá presentar ante a Organización o seu propio Seguro de Responsabilidade Civil, de acordo có establecido no Real Decreto 607/99, e como ampliación ó disposto no Real Decreto 62/2008 de 25 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento das condicións de seguridade marítima, da navegación e da vida humana na mar aplicables ás concentracións náuticas de carácter conmemorativo e probas náutico-deportivas.

### PREMIOS.-

#### XXXV TROFEO - 13ª BANDEIRA DE TRAIÑAS "TERESA HERRERA" - 2021

Consistirá nunha Bandeira de Honra para a traíña vencedora que para tela en propiedade ten que gañala dous anos consecutivos ou tres alternos e uns premios en metálico que para este ano 2021 son os seguintes:

1º.- CLASIFICADO.....	2.500.-€
2º.- CLASIFICADO.....	2.000.-€
3º.- CLASIFICADO.....	1.700.-€
4º.- CLASIFICADO.....	1.500.-€
5º.- CLASIFICADO.....	1.200.-€
6º.- CLASIFICADO.....	1.000.-€
7º.- CLASIFICADO.....	900.-€
8º.- CLASIFICADO.....	800.-€
9º.- CLASIFICADO.....	700.-€
10º.- CLASIFICADO.....	600.-€
A partir do 11º.....	450.-€



V TROFEO - 2ª BANDEIRA DE TRAIÑAS DE MULLERES - 2021

Consistirá nun Trofeo para a traíña vencedora e trofeos conmemorativos para os participantes así como medallas de ouro, prata e bronce para os 3 primeiros. E uns premios en metálico que para este ano 2021 son os seguintes:

1º.- CLASIFICADO.....	2.500.-€
2º.- CLASIFICADO.....	2.000.-€
3º.- CLASIFICADO.....	1.700.-€
4º.- CLASIFICADO.....	1.500.-€
5º.- CLASIFICADO.....	1.200.-€
A partir do 6º.....	450.-€

**XXXV TROFEO - 13ª BANDEIRA DE TRAIÑAS MASCULINA "TERESA HERRERA"**  
**V TROFEO - 2ª BANDEIRA DE TRAIÑAS FEMININA "TERESA HERRERA" 2021**

A Celebrar en: Enseada da Praia do Orzán.- (A Coruña)

**REGATAS CONTRARRELOXO**

**Clasificatoria para Final Teresa Herrera**

Data: 28 de agosto de 2021 (Sábado).

**ORDEN DE SAÍDA DAS REGATAS**

**1ª QUENDA - REGATA PLAY-OFF DA LGT**

**Hora: 17:15**

<b>CLUB</b>	<b>Tempo Saída</b>	<b>Tempo Chegada</b>	<b>TEMPO REAL</b>
1.- C. R. CEDEIRA	0'		
2.- C. MAR DE MUGARDOS	1'		
3.- C. R. MUROS	2'		
4.- A. D. ESTEIRANA DE REMO	3'		

**2ª QUENDA - REGATA MULLERES**

**Hora: 18:00**

<b>CLUB</b>	<b>Tempo Saída</b>	<b>Tempo Chegada</b>	<b>TEMPO REAL</b>
1.- C. R. PUEBLA	0'		
2.- C. MAR DE MUGARDOS	1'		
3.- C. R. RIANXO	2'		
4.- C. R. NÁUTICO DE RIVEIRA	3'		
5.- S. D. TIRÁN	4'		
6.- C. REGATAS PERILLO	5'		
7.- C. R. CHAPELA	6'		
8.- C. R. CABO DE CRUZ	7'		

Clasifican para a Final Feminina os 5 mellores tempos.

# XXXV TROFEO - 13ª BANDEIRA DE TRAIÑAS MASCULINA "TERESA HERRERA"

## V TROFEO - 2ª BANDEIRA DE TRAIÑAS FEMININA "TERESA HERRERA" 2021

A Celebrar en: Enseada da Praia do Orzán.- (A Coruña)

### REGATAS CONTRARRELOXO

#### Clasificatoria para Final Teresa Herrera

Data: 29 de agosto de 2021 (Domingo).

#### **ORDEN DE SAÍDA DAS REGATAS**

#### **3ª QUENDA (Liga B)**

**Hora: 18:30**

<b>CLUB</b>	<b>Tempo Saída</b>	<b>Tempo Chegada</b>	<b>TEMPO REAL</b>
1.- C. R. A CABANA-FERROL	0'		
2.- C. R. PUEBLA "B"	1'		
3.- C. MAR DE CASTROPOL	2'		
4.- C. R. VIRXE DA GUÍA	3'		
5.- C. R. CHAPELA	4'		
6.- AMEGROVE C. R.	5'		
7.- S. D. SAMERTOLAMEU "B"	6'		
8.- C. R. VILA DE CANGAS	7'		
9.- C. R. NARÓN	8'		

#### **4ª QUENDA (Liga A)**

**Hora: 19:00**

<b>CLUB</b>	<b>Tempo Saída</b>	<b>Tempo Chegada</b>	<b>TEMPO REAL</b>
1.- C. REGATAS PERILLO	0'		
2.- C. R. VILAXOÁN	1'		
3.- C. C. D. CESANTES	2'		
4.- C. R. RIANXO	3'		
5.- C. R. PUEBLA "A"	4'		
6.- C. D. MARIÑEIRO DE MERA	5'		
7.- C. R. CABO DE CRUZ	6'		
8.- C. R. MECOS	7'		
9.- C. DO MAR BUEU	8'		
10.- S. D. SAMERTOLAMEU "A"	9'		

Clasifican para a Final os 10 mellores tempos. Para a Final só clasificará un barco por club.  
**Final 1**, postos do 6º ó 10º.      **Final 2**, postos do 1º ó 5º.

**NORMATIVA  
REGATA TERESA HERRERA  
PLAY-OFF  
CLAUSURA LIGA 2021**

▪ **ORGANIZAN:**



ASOCIACIÓN LIGA NOROESTE




FEDERACIÓN GALEGA REMO



CONCELLO DA CORUÑA

▪ **LUGAR:**

Ensinada Praia do Orzán.



▪ **CRONOGRAMA:**

Tal e como recolle a Normativa enviada pola FEGR ao respecto do Trofeo Teresa Herrera, os horarios de competición previstos para o inicio das regatas son os seguintes:

ACTIVIDADE	HORARIO
Regata Play-Off 1ª Xornada	17:15h
Regata Categoría Feminina	18:00h
Regata Categoría Masculina B	18:30h
Regata Categoría Masculina A	19:00h
Acto Clausura	20:00h
Regata Play-Off 2ª Xornada	11:00h (Domingo)



- **Play-Off LGT:** participación dos catro clubs clasificados para o Play-Off coa seguinte orde para o sábado: CR Cedeira, CM Mugardos, CR Muros e AD Esteirana. A orde do domingo será inversa á clasificación do sábado.
  - **Categoría Feminina:** SI puntuable para a clasificación da Liga. Participación dos 8 clubs, con saída por orde inverso ao da clasificación xeral.
  - **Categoría Masculina B:** NON puntuable para a clasificación da Liga. Participación dos 9 clubs restantes da Liga B (do 11º ao 4º e tamén o 1º), con saída por orde inverso ao da clasificación xeral.
  - **Categoría Masculina A:** SI puntuable para a clasificación da Liga. Participación dos 10 clubs restantes da Liga A (do 9º ao 1º e tamén o 12º), con saída por orde inverso ao da clasificación xeral.
- **PUNTUACIÓNS:**
- **Play-Off LGT:** repartiranse de 1 a 4 puntos na xornada do sábado, e de novo, de 1 a 4 puntos máis na xornada do domingo. Caso de empate terase en conta a suma de tempos.
  - **Categoría Feminina:** repartiranse de 1 a 8 puntos na xornada do sábado.
  - **Categoría Masculina B:** NON hai.
  - **Categoría Masculina A:** repartiranse de 1 a 9 puntos na xornada do sábado. Os tres últimos clasificados non puntúan para a Liga.
- **INSCRICIÓNS:**
- **SÁBADO.** Os clubs de Liga A, Liga Feminina e Playoff deberán inscribirse segundo o modelo oficial da LGT a través da intranet. O peche de inscricións será ás 16:00h, coincidindo coa Reunión de Delegados.
  - **DOMINGO.** Os catro clubs participantes no Play-Off da LGT deberán inscribirse segundo o modelo oficial da LGT a través da intranet. O peche de inscrición será ás 09:00h, isto é 2h antes do inicio da 1ª quenda.  
O resto de clubs participantes na 2ª Xornada do Teresa Herrera NON deberán cumprimentar a aliñación no modelo da LGT.

Recordar que os clubs deberán formalizar tamén a inscrición propia do Teresa Herrera mediante modelo FEGR.

▪ **ACTO DE CLAUSURA:**

Posterior á competición desenrolarase o Acto de Clausura da LGT. Será nos exteriores do Palacio de Deportes de A Coruña. O horario previsto para o inicio é as 20:00h.

O acto é de obrigada asistencia para os clubs. Deberán ter representación no acto.

O aforo para o acto será moi limitado. O número de representantes por club será indicado antes do próximo venres 27 de agosto de 2021.

ACTIVIDADES ACTO	HORARIO
Inicio	20:00h
Presentador - Apertura	20:00h a 20:05h
Intervención CONCELLO DA CORUÑA	20:05h a 20:10h
Intervención ALN	20:10h a 20:15h
Intervención SECRETARÍA XERAL DEPORTE	20:15h a 20:20h
Trofeos "Mellor Organizador"	20:20h a 20:25h
Trofeo "Equipo Revelación"	20:25h a 20:30h
Trofeos "Mellor Patrón/a"	20:30h a 20:40h
Medallas a 3º 2º 1º (Bandeira) da Liga B	20:40h a 21:45h
Medallas a 3º 2º 1º (Bandeira) da Liga FEM	20:45h a 20:50h
Medallas a 3º 2º 1º (Bandeira) da Liga A	20:50h a 20:55h
Presentador - Peche	20:55h a 21:00h
Foto	21:00h